



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E AS ASOCIACIÓNS GALEGAS DE USUARIOS DE SOFTWARE LIBRE, PARA O DESENVOLVEMENTO DO SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

Antecedentes

Segundo o artigo 9.2 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo *Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) e se aproban os seus estatutos* e modificado polo *Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos*, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións, así como o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

As Asociacións galegas de usuarios de software libre (en adiante AGUSL), teñen comprendidas nas actividades recollidas no seu obxecto social contribuír ao desenvolvemento e progreso da Comunidade Autónoma de Galicia a través da difusión e potenciación das actividades relacionadas co Software e o Hardware Libre así como a localización ao galego de aplicacións de Software Libre, substitución de ferramentas privativas por equivalentes libres e, con carácter xeral, a organización de xornadas, eventos, documentación de proxectos Software e Hardware Libre, fomentar a democratización das culturas libres etc.

Para identificar as AGUSL, ademais de considerar aquelas asociacións que forman parte da comunidade de hardware e software libre que están listadas no portal www.mancomun.gal, xestionado pola Amtega, accedede ao rexistro de asociacións da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para identificar aquelas asociacións, tanto de ámbito provincial como autonómico, que puidesen ter relación co ecosistema de hardware e software libre. Unha vez identificadas estas asociacións, verificase que se trata de asociacións en activo, que, en efecto, recollen nos seus estatutos o fomento do software e/ou hardware libre e propúxoselles participar neste convenio. No momento do inicio da tramitación deste expediente estase a levar a cabo o proceso de contacto coas distintas Aguls de cara a determinar o seu interese na participación no Convenio, sendo que cumpren os requisitos descritos e manifestaron o seu interese as seguintes entidades:





AGUSL:

AMIGUS

BRICOLABS

GALPON

GPUL

A INDUSTRIOSA

MELISA

As Asociacións galegas de usuarios de software libre que participan neste convenio son as asociacións de usuarios interesadas da Comunidade Autónoma de Galicia que recollen nos seus estatutos entre os seus fins contribuír ao desenvolvemento e progreso da Comunidade Autónoma de Galicia a través da difusión e potenciación das actividades relacionadas co Software Libre, considéranse razóns suficientes que xustifican a dificultade da concorrència pública desta subvención. Polo tanto por razóns de eficacia e efectividade, resúltalle de aplicación o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios, lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

A evolución das TIC da nosa comunidade esixe aos axentes implicados no desenvolvemento económico de Galicia un esforzo para continuar avanzando, neste senso a Xunta de Galicia está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega. A potenciación e mellora do uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións son, sen lugar a dúbidas, uns instrumentos xeradores de riqueza.





Neste contexto definido, o software e hardware de fontes abertas constitúe unha peza clave para facilitar o acceso á Sociedade da Información e do Coñecemento en condicións de igualdade, axudando á redución do problema ocasionado pola fenda dixital, ademais de permitir unha maior penetración do uso da lingua galega nas aplicacións informáticas e un maior desenvolvemento da industria local.

O presente convenio ten por obxecto o financiamento da realización de actuacións para o fomento do uso e divulgación do Software Libre en Galicia.

Este convenio enmárcase dentro dos eixos definidos na Estratexia Galica Dixital 2030. O Consello da Xunta, o 3 de decembro de 2020, aprobou a Estratexia Galicia 2030, que se marca como obxectivos: situar a Galicia como unha rexión dixital de referencia en Europa; implantar un marco dixital común para todas as administracións públicas galegas; desenvolver un novo marco xurídico que regule a nova realidade dixital, e buscar un ecosistema atractivo para facilitar o investimento privado.

Existe unha identidade entre os obxectivos das AGUSL e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Para levar a cabo a devandita finalidade se pretende a posta en marcha dunha serie de actividades para o fomento do uso do Software Libre promovidas polas AGUSL, entre as que estarían:

1. Organización ou participación activa en congresos, xornadas, conferencias, obradoiros ou eventos similares de promoción e divulgación do Software e Hardware Libre. A participación neste tipo de actividades deberá vir avalada pola importancia do evento nacional ou internacionalmente dentro da comunidade do Software Libre.
2. Asistencia a congresos, xornadas, de recoñecido prestixio dentro da comunidade do Software Libre.
3. Elaboración de contidos divulgativos e/ou formativos, que deberán publicarse cunha licenza de documentación libre aprobada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Así mesmo, as fontes deste material deberán ser remitidos á Amtega en formatos abertos para que poidan ser difundidos a través das canles precisas ao efecto.
4. Desenvolvemento e localización (tradución) de proxectos Software Libre que puidesen resultar de interese para a consecución dos obxectivos perseguidos neste convenio. Calquera software desenvolvido no marco deste convenio deberá ser publicado cunha licenza libre aprobada pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative e publicado no Repositorio de Software Libre de Galicia.

Con carácter excepcional, o convenio permite, para gastos inferiores a 1.000 €, xustificar o pagamento mediante recibo do provedor. A motivación desta cuestión reside en que as actuacións que se levan a cabo, en ocasións, precisan a realización de gastos nos que o pagamento mediante transferencia bancaria suporía unha carga inasumible, tanto para a asociación como para o provedor (fotocopias, compra de pequenos compoñentes electrónicos, peaxes de autoestrada...).





A achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías das comunicacións entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.

A Amtega financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de TRINTA MIL EUROS (30.000€) con cargo á partida orzamentaria 04.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Área de Sociedade Dixital

Miguel Rodríguez Quelle

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

José Luis Somoza Digón

